

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE DECEMBRO DO 2023

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de decembro do dous mil vinte e tres, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D^a María Luisa Vázquez López, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle .

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN,SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 27 DE NOVIEMBRE DO 2023.

Sométese a votación a acta do pleno de 27 de novembro do 2023, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datadas das Resolucións das que se da conta: do 25.10.2023 AO 19.12.2023.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25.10.2023 e o 19.12.2023.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

O ditame é favorable á proposta con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“1º.- Examinado o Informe do Sr. Secretario Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

- a. Consulta pública previa.*

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará unha consulta pública

b. *Informes previos.*

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. *Aprobación inicial polo Pleno.*

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. *Información pública e audiencia dos interesados.*

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. *Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. *Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

g. *Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa realizouse, no período comprendido entre o 31 de outubro ao 15 de novembro mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No período de consulta pública manifestaron a súa opinión e realizaron aportacións os/as seguintes interesados/as:

1ª.- Dna. FRANCISCA VÁZQUEZ MACÍA.

2ª.- Dna. MARÍA GORETTI RODRÍGUEZ PUENTES.

3ª.- Dna. ANA PRIETO PAVÓN.

4ª.- Dna. SILVIA TOUZÓN SOTO.

5ª.- Dna. CRISTINA FUENTES.

6ª.- Dna. MARÍA ISABEL VÁZQUEZ PEDREDA.

7ª.- Dna. JULIA RODRIGUEZ BARREIRA/RAÚL RODRÍGUEZ CASTRO.

8ª.- Dna. KATY VARELA FERNÁNDEZ.

9ª.-D. JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ MAREQUE.

UNDÉCIMO.- As aportacións foron informadas polo Inspector da Policía Local, cuxo infome consta no expediente, incorporándose, total ou parcialmente, aquelas que poideran mellorar a regulamentación pretendida.

DUOÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a aprobación inicial da modificación da Ordenanza de tráfico, o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación xa que o procedemento para a modificación da ordenanza esixe, para a súa aprobación, a mesma maioría e procedemento que para a aprobación da ordenanza actualmente en vigor.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico do Concello de Monforte de Lemos”.

2º.- Examinado o Informe emitido polo Sr. Inspector da Policía Local, desta data, do tenor literal seguinte:

“Coa entrada en funcionamento do sistema de control de acceso con vehículos ás rúas peonís da cidade mediante un sistema de videovixiancia o día 01 de outubro do presente ano, púxose de manifesto que a actual Ordenanza Municipal de Tráfico ten un carácter moi restrictivo en canto os usuarios que poden acceder ás mesmas e os horarios permitidos, de forma que foron moitos os que ante a aplicación estricta da norma, na súa redación vixente, e a denuncia das infraccións detectadas a través deste novo sistema de captación de imaxes manifestaron diferentes problemáticas que lles afectan e reclamaron algún tipo de solución.

Entre entre a diversidade de obxeccións destacan as de quenes fan traballos de reparto de mercaderías en locais da zona peonil, que o ter limitado o peso dos vehículos a 2.000 kilos de masa máxima autorizada ven como a maior parte desde colectivo queda imposibilitado de acceder xa que para reparto e distribución hoxe en día empréganse maioritariamente vehículos tipo furgóns dun peso máximo entorno os 3.500 kilos. Isto fixo que moitos profesionais fixesen solicitudes o abeiro do establecido no apartado i) do artigo 49 (“Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.”) para poder sortear a limitación anterior mediante a obtención dun permiso específico para vehículos de maior peso que, si ben legalmente a súa concesión é procedente o ter unha motivación suficiente, enténdese que non é o procedemento axeitado dado que a finalidade de dito apartado é a de cubrir situacións específicas e ocasionais – como poden ser mudanzas, descargas de mobles, ...-, ademáis de supoñer unha sobrecarga administrativa importante a tramitación destas autorizacións.

Tamén son destacables as reclamacións deste colectivo polo horario establecido sendo xeralizada a de que o tempo autorizado finaliza ás 10:00 horas, xusto no momento en que abren a maioría dos comercios os que distribúen, polo que o actual é unicamente válido para quenes distribúen ós establecementos de hostelería que son os únicos con apertura anterior a dita hora.

Desde outros ámbitos distintos o da distribución, constatáronse numerosas peticións presentadas polos residentes na zona peonil quen es solicita facilidades de acceso dado que o non existir un apartado expreso que regule o seu paso, a única forma que teñen de acceder cun vehículo o domicilio é polo procedemento específico de presentar unha solicitude motivada e agardar pola resolución da mesma, o que presenta unha desproporción inxustificada entre a tramitación requirida e o obxecto da solicitude e require tempo de espera pola autorización de varios días que lle resta a axilidade necesaria para estos casos.

Por último compre considerar tamén a existencia de outros colectivos e usuarios que precisan realizar accesos con regularidade por motivos xustificadas e que o non estar recollidos en ningún apartado concreto tamén se ven obrigados a tramitar un permiso específico para cada entrada e se ven afectados polos mesmos problemas de exceso de tramitación administrativa e tempo de espera que en ocasións non lles resulta asumible pola urxencia dos traballos que realizan. Entre estos atópanse os profesionais que realizan labores de mantemento de maquinaria e equipos en establecementos, servizos técnicos de electrodomésticos, servizos de fontanería, instalacións eléctricas, ...

Por esta Policía Local en atención ás demandas e reclamacións recibidas xa se fixo unha primeira proposta de modificación da ordenanza en data 23 de outubro do presente ano cun contido na liña da presente na que se recollían as demandas anteriores, non obstante, dado que por parte do Concello se acordou a apertura dun prazo para a presentación de suxerencias polas persoas interesadas, que rematou o mércores 15 do presente mes de novembro, fáise necesario tomar en consideración as mesmas xunto a outras presentadas por rexistro xeral coa mesma finalidade e consecuentemente emitir este novo informe o respecto, que se concreta nas tres seguintes cuestións:

PRIMEIRA. ALEGACIÓNS PRESENTADAS, CONTIDO E VALORACIÓN DAS MESMAS POR ESTA POLICÍA LOCAL.

Constan recibidas as seguintes:

1ª.- Presentada o martes 17 de outubro de 2023 en escrito con rexistro de entrada nº 2023/00022616 por Dna. FRANCISCA VÁZQUEZ MACÍA.

Manifesta o seu desacordo coa ordenanza que impide a entrada de vehículos a zona peonil, de forma que o non ter vao permanente na súa vivenda no ten solución para as súas necesidades de cargar ou descargar obxectos pesados ou trasladar persoas dependentes, polo que solicita o establecemento dun horario para poder levar a cabo as actividades antes citadas.

Ante o exposto pola interesada, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente.

2ª.- Presentada o luns 06 de novembro de 2023 en escrito con rexistro de entrada nº 2023/00024299 por Dna. MARÍA GORETTI RODRÍGUEZ PUENTES.

Manifesta a urxencia de solucionar as dificultades de acceso en relación coas actividades de carga e descarga e traballo dos profesionais da distribución así como dos propietarios dos establecementos, e pide ampliar horarios de carga e descarga e facilidades para os comerciantes.

Ante o exposto, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se modifique a regulación de acceso actualmente en vigor en forma que aumenten ás posibilidades de realizar carga e descarga na zona peonil mediante o incremento dos horarios en que se autoriza e a capacidade dos vehículos empregados, incluíndo un permiso de acceso os titulares de locais comerciais abertos o público. Todo elo, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente.

3ª.- Presentada o luns 06 de novembro de 2023 vía correo electrónico por Dna. ANA PRIETO PAVÓN.

Expón unha primeira cuestión relativa a que dispón de garaxe pero non de licenza de vao permanente e solicita que se revise a ordenanza de forma que se facilite o acceso de veciños con consideración das persoas que traballan e que non debe fixar un horario para o acceso a domicilios.

A mención que fai de disposición de garaxe e as cuestións relativas á solicitude de vao permanente, son alléas o contido da presente modificación que versa únicamente sobre os artigos 49 e 50, polo que non procede telas en conta neste caso.

Para o resto do contido, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente, e non en calquera horario como pide.

4ª.- Presentada o luns 06 de novembro de 2023 vía correo electrónico por Dna. SILVIA TOUZÓN SOTO.

Expón a necesidade de dotar dun sistema de acceso para residentes da zona peonil con un horario non perxudicial para o comercio e menciona outra cuestión relativa a ter en conta a existencia de garaxes para os que non é posible obter licenza de vao permanente conforme a norma actual.

Á vista do manifestado, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente, e non en calquera horario como pide.

A mención que fai de disposición de garaxe e as cuestións relativas á solicitude de vao permanente rexeitada, son alléas o contido da presente modificación que versa únicamente sobre os artigos 49 e 50, polo que non procede telas en conta neste caso.

5ª.- Presentada o luns 06 de novembro de 2023 vía correo electrónico por Dna. CRISTINA FUENTES.

Comunica que é residente e titular dun establecemento comercial en rúa Comercio e solicita a disposición dunha franxa horaria diaria para acceso con vehículos para servizo domiciliario.

Ante o exposto, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente, incluíndo o servizo o establecemento do que é titular.



6ª.- Presentada o sábado 11 de novembro de 2023 vía correo electrónico por Dna. MARÍA ISABEL VÁZQUEZ PEDREDA.

Expón que é residente na rúa Comercio e titular de clínica dental no mesmo e manifesta as dificultades que lle supón a carencia actual de facilidades de acceso para a realización das descargas de bens domésticos, polo que suxire que se autorice unha forma de acceso temporal para residentes.

Ante o exposto, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente.

7ª.- Presentada o martes 14 de novembro de 2023 vía correo electrónico por Dna. JULIA RODRIGUEZ BARREIRA/RAÚL RODRÍGUEZ CASTRO.

Presentan escrito no que manifestan que son titulares dun edificio en rúa Armando Cotarelo e expoñen que a ordenanza actual non contempla a accesibilidade de residentes os seus domicilios, polo que pide a dotación dun sistema que subsane esta carencia, así como permitir a circulación de vehículos ata as prazas de garaxe dos edificios que dispoñan delas, e incluíndo os titulares de locais comerciais.

En segundo lugar pide que a obtención de permisos de acceso para os vehículos empregados en obras de construción e rehabilitación de obras podan ser obtidos mediante comunicación e presentación de documentación con cuarenta e oito horas de antelación.

Ante o exposto, considérase que o solicitado no primeiro punto debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente, incluíndo os titulares de establecementos. No relativo o acceso a prazas de garaxe, considérase que non procede ter en conta esta petición por tratarse dunha cuestión xa regulada e que afecta a artigos da ordenanza distintos dos que actualmente son obxecto de modificación na presente ocasión.

No punto segundo expón a necesidade de articular un sistema que permita unha maior axilidade na tramitación das autorizacións de acceso dos vehículos empregados nos traballos de construción, rehabilitación, etc. de vivendas mediante emprego das novas canles de comunicación como o correo electrónico, o que se informa que actualmente existen canles como a sede electrónica que permiten xa unha alta axilidade de forma que a obtención de permisos deste tipo, aínda que non inmediata, require un espazo de tempo curto, polo que se considera que debe manterse a necesidade de obtención de autorización previa para un adecuado control dos accesos deste tipo de usuarios.

8ª.- Presentada o mércores 15 de novembro de 2023 vía correo electrónico por Dna. KATY VARELA FERNÁNDEZ.

No seu escrito plantexa cinco puntos con peticións das cales as catro primeiras refírense o réximen de uso das zonas reservadas a carga e descarga e tipo de vehículos autorizados as cales on cuestións alléas o contido dos artigos 49 e 50, que son os únicos afectados pola presente proposta de modificación, polo que se considera que non procede consideralas. Tense en conta que na apertura do prazo de presentación de alegacións fíxose constar que estas serían unicamente relativas a regulación do acceso a vías peonís.

No punto cuarto menciona, ademáis da ampliación de uso das reservas de carga e descarga a calquera horario que non procede considerala polo dito no parágrafo anterior, a posibilidade de autorizar a entrada a zonas peonís en calquera hora para certos usuarios como as empresas de entrega de alimentos a domicilio e as de paquetería, cando ditas zonas reservadas a carga e descarga estén ocupadas, o que se informa negativamente polo motivo de que tal autorización sería automaticamente esixida polos restantes sectores, ademáis de converter as zonas peonís en reservas permanentes de carga e descarga o que é contrario á propia finalidade da existencia da zona peonil.

Por último, respecto da petición do punto quinto, sí se considera adecuado regular un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, polo que se informa favorablemente a súa consideración na modificación que se propón.

9ª Presentada o venres 17 de novembro de 2023, en escrito con rexistro de entrada nº 202325582 por D. JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ MAREQUE.

Expón que é veciño da rúa Dr. Teijeiro e que polo carácter peonil da mesma ten imposibilidade de acceder con vehículos para a descarga de compras, recollida de persoas, descarga de combustibles de biomasa, etc. polo que solicita o establecemento dun horario para servizo de residentes que permita dar cobertura as necesidades que cita.

Ante o exposto polo interesado, considérase que o solicitado debe ser tido en conta e se regule un sistema de acceso que permita os residentes e propietarios de inmobles na zona peonil cubrir as necesidades persoais e familiares de aprovisionamento e outras de carácter doméstico, sempre dentro dun horario limitado que permita preservar o seu uso peonil como preferente.

SEGUNDA. MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN.

Tendo en conta os escritos e alegacións presentadas que se relacionan e a valoración do seu contido que consta no punto anterior para cada un deles, así como a propia posición desta Policía Local neste asunto, propónse a modificación dos artigos 49 e 50 da vixente Ordenanza Municipal de Tráfico do Concello de Monforte de Lemos nos seguintes casos:

No artigo 49, apartado e) - Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.

Na actualidade o texto dice “para a recollida”, o que nunha interpretación literal leva a entender que unicamente é para o inicio do servizo, mentres que se considera que debe ser tanto para a recollida de clientes como para a súa baixada, especialmente tendo en conta que en moitas ocasión portan maletas ou equipaxes que son de difícil manexo para calquera usuario si o taxi finalizara o seu servizo sin poder entrar ata o domicilio de destino, ademáis de ser habitual que os servizos de taxis son requeridos por persoas con pouca mobilidade, quenes requiren un servizo porta a porta, tanto de recollida como de retorno, polo que se propón a modificación do texto deste apartado en forma que quede expresado sen dúbidas que os servizos autorizados os táxis comprenden a totalidade dos percorridos que efectúen con clientes que teñan destino en algún domicilio situado na área peonil.

Propónse ademáis a inclusión como autorizados nas mesmas condicións dos vehículos de aluguer con conductor, os coñecidos como VTC, dada a similitude dos servizos que prestan.

No artigo 49, apartado f) - Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 2.000 kg para o reparto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

Dado que o reparto se fai habitualmente en vehículos de Masa Máxima Autorizada (MMA) superior os 2.000 kg. que actualmente permite a ordenanza, así como que o horario en vigor de 08 a 10 h. é moi limitativo para o comercio en xeral, cuxa apertura coincide co remate desta franxa, propónse establecer o mesmo horario que o do resto das zonas reservadas a carga e descarga da cidade, é dicir, de 08:00 a 11:00 h e de 16:00 a 18:00 h e ampliar o peso máximo dos vehículos autorizado con carácter xeral a 3.500 kg. así como permitir o acceso de todos os tipos de vehículos que segundo o cadro de definicións do Regulamento de vehículos teñan como destino o transporte de mercaderías, e para a función de reparto e abastecemento de todo tipo de produtos, tanto a establecementos como a vivendas, neste último caso para dar cobertura o reparto a domicilio que fan habitualmente algúns supermercados e outros establecementos.

Tamén se ve necesario incluír como autorizados nas mesmas condicións os vehículos de empresas e autónomos que realicen tarefas de mantemento de equipos e instalacións en locais e vivendas e prestación de servizos nos mesmos.

No artigo 49, apartado g) - Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

Procede darlle o mesmo tratamento que os de carga e descarga en xeral e ampliar o horario en que poden acceder ata os tramos de de 08:00 a 11:00 h e de 16:00 a 18:00 h, mantendo que a súa masa máxima autorizada poda ser superior os 3.500 kg. dadas as súas especiais características.

Dentro deste tipo de subministros, propónse excluír que para o caso de aprovisionamento de leña se podan utilizar tractores con remolque tipo agrícolas ou vehículos similares, como carroquetas, ... dada a escasa compatibilidade deste tipo de vehículos coa circulación polas rúas peonís, polo que se propón a modificación deste apartado no senso de ampliar o horario de acceso na forma sinalada e limitar os tipos de vehículos a empregar.

No artigo 49, apartado g) - Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

Procede darlle o mesmo tratamento que os de carga e descarga en xeral e ampliar o horario en que poden acceder ata os tramos de de 08:00 a 11:00 h e de 16:00 a 18:00 h, mantendo que a súa masa máxima autorizada poda ser superior os 3.500 kg. dadas as súas especiais características.

Dentro deste tipo de subministros, propónse excluír que para o caso de aprovisionamento de leña se podan utilizar tractores con remolque tipo agrícolas ou vehículos similares, como carrocetas, ... dada a escasa compatibilidade deste tipo de vehículos coa circulación polas rúas peonís, polo que se propón a modificación deste apartado no senso de ampliar o horario de acceso na forma sinalada e limitar os tipos de vehículos a empregar.

No artigo 49, apartado j) - Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade.

Na actualidade está fixada a limitación de dous vehículos o mesmo tempo, pero na práctica tense comprobado que hai eventos ou actos que requiren a presenza dun número superior para a adecuada montaxe e desenvolvemento dos mesmos, por elo propónse manter esta condición como norma xeral e engadir como excepción que para os casos motivados poda accederse con un número maior o mesmo tempo.

No artigo 49, creación do apartado k):

Tendo en conta que a práctica totalidade das propostas que diversas persoas presentaron ante o Concello relativas a esta modificación foron no senso de pedir melloras na accesibilidade a vivendas e establecementos sitos na zona peonil, proponse establecer unha autorización de acceso para os vehículos de residentes e propietarios ou arrendatarios de vivendas para transporte os seus domicilios das compras particulares e bens de uso doméstico en horario de 08:00 a 11:00 H pola mañá, e de 16:00 a 18:00 H pola tarde, previa solicitude e obtención de autorización e habendo comunicado a matrícula do vehículo empregado.

Cada residente ou propietario poderá facer unha única entrada por cada tramo horario en cada día e o tempo de permanencia dos vehículos na zona peonil será o necesario para a descarga dos bens particulares e subida o domicilio dos mesmos. O número máximo de vehículos a autorizar por cada solicitante propónse que sexa de dous e o permiso de acceso outorgarase para os sete días da semana e o tempo de permanencia se limite a vinte minutos por entrada.

Quedan incluídos neste apartado cos mesmos requisitos e horario que os anteriores, os vehículos das persoas titulares de establecementos comerciais ubicados na zona peonil.

O concello podera limitar o tempo de duración das autorizacións e esixir a súa renovación periódica.

No artigo 50 - Autorizacións:

Compre facer unha regulación máis ampla que a actual e establecer sistemas de comunicación e obtención de autorizacións de acceso máis áxiles, ou que podan permitir dispoñer de autorización por períodos de tempo longos para os casos como os residentes. Igualmente é preciso establecer os requisitos básicos de acreditación dos motivos en se basen as solicitudes cando estas se deban a circunstancias persoais, así como a obriga de renovación periódica das autorizacións para acreditar que se siguen a cumprir os requisitos que dan lugar a súa obtención.

Tamén compre establecer a obriga de comunicar ó Concello as matriculas dos vehículos en todos os casos para a mellor xestión do sistema de videovixiancia.

Por elo propónse modificar o contido deste artigo de forma que contemple a diferenciación ente os casos en que o acceso se pode realizar sin autorización e os que e preciso habela obtido previamente, as obrigas e documentación básica a aportar para obter en cada caso as autorizacións necesarias, os prazos de duración das mesmas e o réxime de renovación para evitar no posible situacións de fraude por persoas que habendo perdido as condicións que motivaron a concesión do permiso non o comuniquen o Concello e sigan accedendo e, por último, establecer a potestade do Concello de modificar en casos xustificadas as condicións dos permisos, revogalos ou limitalos e demais cuestións de interese nesta materia.

No ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS

Procede adaptar o cadro de infraccións ás modificacións propostas.

Con base nos informes expostos, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 49 da Ordenanza municipal de tráfico, cuxo texto quedará redactado da seguinte forma:

Artigo.- 49- Zona peonil.

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zona peonil.

c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.

d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.

e) Os taxis tanto para a recollida como para baixada de clientes con orixe ou destino en domicilios situados na zona peonil. Inclúese nas mesmas condicións os vehículos de aluguer con conductor, os VTC, pola súa similitude de funcións.

f) Previa solicitude e autorización, os vehículos con M.M.A. non superior a 3.500 kg dos tipos camión, furgón, furgoneta, vehículo acondicionado, derivado de turismo, vehículo mixto adaptable e pick-up, para o reparto de mercaderías e aprovisionamento dos establecementos e vivendas existentes na zona peonil e os de empresas e profesionais autónomos que cumplan os mesmos requisitos de peso máximo e tipo para a realización de tarefas de mantemento de equipos e instalacións en locais e vivendas ou prestación de servizos, entre as 8:00 e as 11:00 horas da mañá e as 16:00 e 18:00 horas da tarde.

g) Previa solicitude e autorización, os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 11:00 horas da mañá e as 16:00 e 18:00 horas da tarde. O subministro de combustibles que

non requiran o emprego de vehículos cisterna ou especificamente acondicionados faráse exclusivamente nos mesmos tipos que se autorizan no apartado f) anterior. Poderán facerse descargas de leña ou similares desde tractores agrícolas ou carrocetas cando non superen os 3.500 kg. de MMA e non se faga descarga na vía pública.

h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, para obras con licenza, e autorizados previamente.

i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.

J) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade, salvo para os eventos e actos en que previa motivación quede acreditada a necesidade dun número maior.

k) Os vehículos de persoas empadroadas e de propietarios/as de inmobles na zona peonil para transporte os seus domicilios das compras particulares e bens de uso doméstico, con limitación de un acceso por cada tramo horario de cada día e por tempo máximo de vinte minutos e previa solicitude e obtención de autorización, habendo comunicado previamente a matrícula do vehículo ou vehículos empregados, entre as 8:00 e as 11:00 horas da mañá e as 16:00 e 18:00 horas da tarde, durante todos os días da semana.

Quedan incluídos neste apartado cos mesmos requisitos e horario que os anteriores, os vehículos das persoas titulares de establecementos e comercios ubicados na zona peonil e que estén en funcionamento. Para os comprendidos neste apartado, autorizaráse ata un máximo de dous vehículos por persoa empadroada ou propietaria e por establecemento ou comercio.

2. As vías peonís actuais do Concello de Monforte de Lemos son as que se relacionan no Anexo I-B da presente ordenanza.

3. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer outras vías ou zonas peonís.

4. As persoas afectadas ou interesadas no regulado neste artigo, dispoñerán dun prazo dun mes improrrogable para a regularización á nova normativa.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 50 da Ordenanza municipal de tráfico, cuxo texto quedará redactado da seguinte forma:

Artigo 50.- Autorizacións.

1. Vehículos que non precisan autorización previa para acceder á zona peonil.

Os vehículos comprendidos nos puntos a), c), d), e), e j) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís. Todo elo salvo variación das circunstancias.

2. Vehículos cuxo acceso á zona peonil precisa autorización previa.

a) O acceso dos vehículos comprendidos nos puntos b), f), g) h) e i) queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda polos restantes motivos, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá. Todo elo salvo variación das circunstancias.

b) O acceso dos vehículos comprendidos no punto k) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello pola persoa interesada quen aportará a matrícula ou matrículas dos vehículos cuxo acceso se pretenda ademáis de acreditación da súa residencia, condición de propietario, ou titular de establecemento na zona peonil, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá. Todo elo salvo variación das circunstancias.

3. Tramitación de solicitudes e comunicacións de matrículas.

Os efectos da adecuada xestión do sistema de control de acceso mediante sistema videovixiancia que, no seu caso, establezca o Concello e mentres esté en vigor, os titulares ou os responsables dos vehículos comprendidos no artigo 49, quedan suxeitos as seguintes obrigas:

a) Os comprendidos nos apartados a), c), d) e e) quedan obrigados a comunicar o Concello ás matrículas dos que utilicen, así como a baixa dos mesmos ou finalización da prestación do servizo que houbese motivado o seu acceso.

b) Os comprendidos no apartado b) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, a documentación médica que acredite a situación de enfermidade ou carencia de

movilidade e na que conste que a persoa afectada require asistencia e traslado en vehículo, ou a de ter recoñecida minusvalía con falta de mobilidade ou a de dependencia. Únicamente se terá en conta documentación expedida polos servizos públicos de saúde ou de valoración de incapacidade.

c) Os comprendidos no apartado f), g) e i) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, a motivación en que basean a súa petición.

d) Os comprendidos no apartado h) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, acreditación da existencia de licenza de obra ou autorización de ocupación da vía pública, así como o prazo de tempo para o que solicitan o acceso, que nunca poderá iniciarse antes da aprobación da mesma, nin ser superior á súa duración.

e) Os comprendidos no apartado j) quedan obrigados a comunicar o Concello con alomenos vinte e catro horas de antelación o momento da entrada que se pretende realizar, excluídos días inhábiles, as matrículas dos vehículos que van a utilizar con indicación do evento ou motivo de acceso, data e horarios de entrada, así como, no seu caso, a motivación de acceso con un número superior a dous o mesmo tempo. Esta comunicación poderá ser feita ademais de polas persoas titulares ou responsables dos vehículos, polos organizadores dos eventos ou actos que requiran a súa entrada a zona peonil.

f) Os comprendidos no apartado k) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, a documentación acreditativa de ser persoa empadroadada, propietario/a de inmovible ou titular de establecemento público aberto na zona peonil. Exceptúanse da obriga de aportar esta documentación as persoas físicas empadroadas na mesma.

4. Prazos de vixencia das autorizacións.

Para os vehículos cuxo acceso á zona peonil precisa autorización previa, aplicaránse os seguintes:

a) Para os comprendidos no apartado b), no caso de peticións derivadas de incapacidade temporal o tempo de duración inicial será de ata tres meses, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa solicitante, previa acreditación do mantemento da causa que motive a autorización inicial. En todo caso, o límite de duración desta autorización será como máximo o de duración da situación de incapacidade transitoria que motive a súa concesión.

Nos casos de causas derivadas de situacións de carácter permanente, as autorizacións terán un tempo de duración de ata dous anos, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa interesada, previa acreditación do mantemento das condicións que motivaron a autorización inicial.

b) Para os comprendidos no apartado f), g) as autorizacións terán un tempo de duración de ata dous anos, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa interesada, previa acreditación do mantemento das condicións que motivaron a autorización inicial.

c) Para os comprendidos no apartado i) as autorizacións terán o tempo de duración e condicións que se fixen na mesma en función do motivo polo que se conceda.

d) Para os comprendidos no apartado h) o tempo de duración inicial será de ata un ano, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa solicitante. En todo caso, o límite de duración desta autorización será como máximo o da vixencia da licenza de obra ou permiso que o motive, incrementado nas prórrogas que no seu caso se concedan.

e) Para os comprendidos no apartado k), quenes residan en réxime de alugueiro o tempo de duración será de un ano, prorrogable por iguais períodos, previa acreditación da vixencia do contrato de aluguer e co límite máximo da duración deste, e para os propietarios e titulares de establecementos o tempo de duración inicial será de tres anos, prorrogables por períodos de igual duración, previa acreditación do mantemento das condicións que motivaron a autorización inicial, salvo que cese na súa actividade.

5. Normas xerais.

a) A validez de calquera tipo de autorización queda condicionada a que a persoa beneficiaria da mesma cumpla en todo momento os requisitos que motivaron a súa concesión. O Concello poderá proceder a anulación daquelas que, aínda que estén dentro do prazo de vixencia concedido, se comprobe que xa non se están a cumprir ditos requisitos.

b) O Concello poderá modificar as condicións de acceso ou mesmo prohibir parcial ou completamente a circulación dos vehículos autorizados, durante as datas en que se celebren actos ou eventos na vía pública que resulten incompatibles co paso de vehículos, ou cando se den circunstancias motivadas que así o requiran.

c) O Concello poderá anular calquera autorización de acceso cando detecte que o uso da mesma non se fai conforme a actividade ou uso para o que se solicitou e que motivou a concesión.

d) As autorizacións son persoais e non transferibles.

6) Medios de presentación de solicitudes de obtención de autorizacións e comunicación de matrículas.

A presentación de solicitudes para os casos en que se esixe autorización previa faráse na forma e cos requisitos establecidos pola Lei de procedemento administrativo común das administración públicas e poderá tramitarse de forma presencial no Rexistro do Concello de Monforte ou de forma telemática a través da Sede Electrónica.

A comunicación de datos, matrículas ou trámites que non supoñan petición de autorización poderá facerse mediante sistemas dixitais como direccións de correo electrónico, sede electrónica, ou aqueles outros que o Concello poña a disposición das persoas interesadas.

7) Autorización de accesos de urxencia.

No caso de darse unha situación urxente e sexa necesaria a entrada fora das horas establecidas por calquera vehículo, faráse previamente ó acceso unha comunicación telefónica á Policía Local, por WhatsApp, ou SMS, ou polos medios dixitais que o Concello determine e poña a disposición das persoas usuarias, especificando o motivo da entrada, os datos da persoa conductora e a matrícula do vehículo, e posteriormente xustificará de forma documental a necesidade de entrar na zona peonil.

Esta xustificación documental terá que facerse no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte a entrada. A carencia da mesma ou a aportación dunha motivación que non xustifique a urxencia darán lugar a consideración do acceso como infracción e a aplicación da sanción que corresponda.

Igual tratamento terá a permanencia na zona por tempo superior o necesario para resolver a situación de urxencia que deo lugar a entrada.

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do ANEXO II. CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS da Ordenanza municipal de tráfico, cuxo texto quedará redactado da seguinte forma:

ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS

Artigo 49.- Zona peonil

<i>NORMA</i>	<i>ART</i>	<i>APT.</i>	<i>OPC.</i>	<i>PUN.</i>	<i>CALIFICACIÓN</i>	<i>TEXTO INFRACCIÓN</i>	<i>IMPORTE IMP. RED.</i>
--------------	------------	-------------	-------------	-------------	---------------------	-------------------------	------------------------------

O.M.C.	049	1	1A	0	Grave Art.129 c)	Circular co vehículo sinalado por zona peonil sen tratarse dun tipo de vehículo autorizado.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	049	1	1B	0	Grave Art.129 c)	Circular co vehículo sinalado por zona peonil tratándose dun tipo de vehículo autorizado fóra do horario permitido.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	049	1	1C	0	Leve Art.128 c)	Superar o tempo de vinte minutos establecido para transporte os domicilios e establecementos das compras particulares e bens de uso doméstico.	80,00 € 40,00 €

Artigo 50.- Autorizacións. (Zonas peonís)

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	050	2	2A	0	Grave Art.129 c)	Circular co vehículo sinalado por zona peonil carecendo de autorización cando esta sexa precisa.	200,00 € 100,00 €

CUARTO.- De acordo co disposto no art. 49 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por un prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Unha vez finalizado o período de información pública elevar ao Pleno, a efectos da resolución das reclamacións e alegacións, e proceder á súa aprobación definitiva.

SEXTO.- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou alegación se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á proposta presentada.

Intervén D. Jaime Germán parten da base de que isto non é modificación da ordenanza senón de dous puntos da ordenanza: non poden dicir que non sabían o

caos de circulación., non poden dicir que non sabían a cantidade de tráfico, non poden dicir das moitas queixas dos veciños da zona peonil, agoran van mudar dous puntos única e exclusivamente porque a policía puxeron máis de 2.000 multas en 45 días, eles están a favor. Queren que lle den un pouco pormenorizado ese tema dos 20 minutos, non entenden. Camaras que poderían poñer tamén noutras zonas da cidade, fala do tema dos vaos, queren unha zona peonil e necesario facilitarlle a vida aos veciños do casco histórico, trátase de armonizar, hai que darlle unha volta á obsoleta ordenanza de tráfico, non entenden como aquí e máis agora para modificar a ordenanza, deben tratar o tema por completo. Deixan moitos puntos sen tratar, deixan sen resolver o tema dos vaos, teñen informes da policía, cantos vaos están denegando nestas zonas, gustaríalle saber por qué se están denegando. Están a favor da aprobación destes dous puntos, ademáis cren que hai que sensibilizar, gustaríalle que nun momento dado a maioría delas vostedes o único que contestaron que non se trataba do artigo 49 e 50, non lles parece ben deixar temas atrás.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que esta proposta ven a dar en certa medida solución á iniciativa que trouxeron nesta cámara en plenos pasados, fala da flexibilización ou adaptación co sentido común de convivir no casco histórico e poder acceder a esas zonas peonís con vehículos. Di que se van abster polo asunto de que isto aínda que sexa a aprobación inicial poden dar lugar a alegacións. A grandes rasgos non vai entrar a debater se a ordenanza de tráfico necesita unha regulación integral noutras zonas por outros motivos. Di que non aparece o límite de velocidade para acceder a esas vías, neste caso deberíase especificar esa velocidade que ás veces non soamente o de facer as zonas peonís, poderíase ampliar, este goberno non fixo ningunha, ou facelas mixtas, como hai noutros lugares do país, onde circulan os coches a 10, dando prioridade ao peón, di que eles vanse abster por motivos de posibles alegacións no futuro. Sinala que isto mellora dunha forma substancial ao tráfico de repartidores, materiais de servizo e demáis, tamen o da MMA, e polo tanto valoran positivamente esta proposta.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta dando a noraboa ao equipo de goberno da necesidade da modificación desta ordenanza. Di que o grupo popular foi moi sensible por esta problemática, presentaron unha moción, falas das protestas eran moito máis amplas que os artigos 49 e 50, consideran que os autónomos deberíase ampliar o vehículo autorizado, o horario de carga e descarga, centrándose na modificación que se trae ao pleno, recoñecen que fan unha modificación bastante ampla das autorizacións que fan, teñen que comentar o que lles gustaría ter en contra, no apartado f) vehículos para carga e descarga que están asociados para unha actividade empresarial, di que moitos autónomos utilizan un vehículo normal, crenq ue podería facer esa ampliación e autorizar eses vehículos. Fala dos horarios de carga e descarga, di que non é unha cidade demasiado grande, soamente en determinadas épocas do ano, cren que eses vehículos autorizados poderían facer esas entradas noutro horario máis flexible, moita xente e propietaria e residente de zonas peonís, non poden acceder nese horario porque están traballando, cando poden facer a compra é noutro horario. No tema das

multas parécelle esaxerado o importe de 200 euros. Di que eles vanse abster van valorar se propoñen estas propostas que farían eles.

Intervén D. Ibán Torres di que o encabezamento da proposta modifican os artigos que consideran oportunos. Di que eles non poden ler a súa imaxinación, non se pode adivinar o que vostede quere. Traballe un pouco. Con respecto aos 20 minutos que di, se consideran oportuno e pertinente en base aos informes, igual vostede debería explicar porque non o considera oportuno, diga vostede se quere máis e por qué. Fai un percorrido dos informes, iso chámase procedemento administrativo. Con respecto a D^a Katherinie agradece as súas palabras, entenden que se un vehículo particular está asignado a unha actividade, con respecto á flexibilidade, para prantexar unha flexibilidade terán que dar unha alternativa, en todo caso o período de alegacións esta aberto.

Intervén D^a Katherinie Varela di que habería que cambiar os vehículos autorizados para cargar e descargar, agora é o momento de presentar alegacións e especificar esa flexibilización do horario.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que agora queda a fase de alegacións, ao mellor aparecen cousas que non se deron conta, xa se verá. Da o mesmo que haxa 10 que 100 coches, non é cuestión de cantidade é cuestión de feito. O que dicía vostede é que hai cousas que son mellorables, as multas das que falaba, iso é porque a xente non respecta os sinais, se as respectara non habería ningunha multa, agora as cámaras quitan fotos. Di que outro día un señor que baixaba por Roberto Baamonde con todo o morro cruzo polos taxis, como é posible que podan facer iso, a xente terá que circular por onde ten que circular, ogallá non haxa ningunha soa punto. En referencia ao apartado k) vehículos profesionais, o que ten que facer e solicitalo coa matrícula evidentemente terán que dicir o tempo que lle vai levar, iso sería o normal, iso está recollido. En relación co importe das multas, o dos 200 euros é unha imposición da lei de Tráfico, e esa cuantía a que establece a lei de Tráfico, e hai que cumprila. Hoxe saía nos medios de comunicación, dicía que non podían entrar nin carrocetas con leña no casco histórico, no apartado g) di na parte final poderan facerse descarga de leña, cando non superen os 3.500 kg MMA.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (ESPERTA MONFORTE) SOBRE MUNICIPALIZACIÓN OU REMUNICIPALIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.

O ditame é favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e oitos abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista. dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

“Municipalización ou remunicipalización da piscina municipal”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción. Fala dos gastos que lle custa ao concello a piscina municipal. Di que se paga unha media de combustible de 24.0000 euros, e fala dun gasto de subministro eléctrico o que a día de hoxe non saben. Fala de gastos anuais de 715.000,00 euros e fala duns ingresos de 212.000 euros, fala dun diferencial de 500.000 euros, un servizo máis deficitario que hai, o servizo que costa máis cartos. Di que eles propoñen municipalo o remunicipalizalo. Di que lle gustaría que o concello podería pensar na xestión integral do complexo deportivo da Pinguela. Non saben si é de rigor o que é imposible que sexa boa xestión económica, vostedes leven pagando un aluguer á empresa TRAGSA que cobran 650.000 euros, di que se está alugando unah caldeira que custa 1.497 euros ao mes, págase unha media de combustible de 24.000 euros. Isto da uns gastos deste servizo de 715.000 euros e hai uns ingresos de 215.000 euros. Fala dun diferencial de 500.000 euros sendo un servizo bastante deficitario, o servizo que costa máis cartos, entendendo que non é algo de primeira necesidade, tendo claro que traballan 13 persoas. Gustaríalle que o Concello podería pensar na xestión integral do complexo deportivo da Pinguela.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que disto xa se falou nesta Cámara, fala de municipalizar o servizo da piscina. Di que é unha actividade complexa, si que se pode municipalizar, son conscientes das deficiencias neste contrato, di que eles son partidarios de que os servizos públicos se fagan de xeito direto, máis alá das complexidades que poida ter o contrato da piscina. O espírito é facer a piscina de servizo pública incluso lembrar que a piscina ás veces, incluso poderíase falar de supramunicipal, aínda que é dos monfortinos, esta dando un servizo a práctica totalidade do sur de Lugo. Xa sabe que non se pode legalmente establecendo diferencias de prezos nos usuarios, o seu voto é a favor sendo conscientes da complexidade que leva iso.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que o servizo da piscina é un servizo primordial e fundamental, supoñendo unha axuda no benestar da saúde, este servizo é necesario, sempre que se presten os servizos de maneira axeitada. Di que a piscina da unhas perdas 500.000 euros, isto quere dicir que o Concello ten que poñer eses cartos. Unha vez lida á moción quedandlle moitas dúbidas, cal é o plan de negocio que presenta ao equipo de goberno para que non se produzan esas persoas? Se o xestiona o concello habería que poñer menos cartos? Cre vostede que non seguirá dando perdas ao Concello?

En Monforte hai unha piscina descuberta que é dun clube privado, se se teñen cartos poden ir, unha parte do río Cabe que teñen vallada, di que eles non teñen que obxectar a un clube privado, hai que resaltar que é unha piscina descuberta e que non é pública. Non hai unha piscina municipal de baixo custe como teñen outros Concellos limítrofes máis pequenos. Aínda que nun futuro haberá como di o

señor alcalde haberá unha máis grande, iso vai tardar xa que non aparece no presuposto.

Sinala que se faga unha comparativa, todos os servizos municipais de xestión privada, gustaríalle que explicara o señor alcalde a prioridade dos servizos. Sinala que se o servizo da piscina da perdas habería que municipalizalo.

Intervén D. Ibán Torres di que este goberno non vai remunicipalizar a piscina, dito desta maneira tampouco di nada. Lembrarlle que este equipo de goberno no privatizou ningún servizo. Non a van remunicipalizar.

Vostede debería explicarlle aos seus votantes que se expliquen, di que el non lle vai adicar máis tempo a isto, pode que suceda unha cousa que as cousas se deben estar facendo moi ben que non hai nada que vostede poda traer aquí. Non van votar a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dar as grazas pola claridade, di que eles non poden contestar agora mesmo, porque non teñen unhas piscinas municipais, todo o mundo sabe un montón de cousas.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa explicaron o seu posicionamento.

Intervén D. Jose Luis Rodríguez di que eles queren que se faga unha mellor xestión, hai que intentar xestionala ben sexa a través dunha empresa privada ou de municipalización, si se aumentara o número de asistentes, non custaría 500.000 euros custaría menos e tamén é dos que di que si lle costa a través dunha empresa privada, ten que ter un beneficio empresarial.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que non veñan os do PP dicindo que si se aforra un pouco na piscina montan unha gardería.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo porque é gratis o bus urbano e non a piscina, son servizos diferentes e non se poden comparar, a piscina é voluntaria o bus é unha necesidade. Fala vostede das pistas de tenis están igual que fai 10 anos, e polo tanto, vostede non as criticaba, o equipo de goberno ten todo previsto, non se confunda, outra cousa e que vostede quere saber as cousas antes de momento oportuno, iso non o vai a conseguir, non llo van contar antes. Para algunha desas cousas que vai citar agora, falta un pouco tempo, previsto o arranxo do entorno da piscina, a mellora das pistas de tenis, a mellora da piscina.

Dille a don Emilio que o tema da supramunicipalidade, lembrou o do Porto Seco que foi declarado supramunicipal para evitar que o concello non tivera nada que ver. Hai unha orde do ano 2023 do Ministerio de Fomento que cando unha administración promove unha actuación ten que realizalas a mesma administración que promove a actuación principal. Dille a D. José Luis as piscinas esas das que vostede fala hai que ver quén lles fixo as piscinas, incluso lle deron uns cartos para melloralas, se a Xunta lle fai unha piscina piscina pón a disposición da Xunta os terreos agora mesmo.

Non é competencia municipal construír unha gardería, que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, e el non vai tragar con iso, o concello está facendo un esforzo importante coa Gardería. Porque este Concello non ten dereito a ter unha Gardería da Galiña Azul igual que o resto, non se preocupe que queda pouco tempo para que Galicia esperte e logo remate vostede coa axuda a domicilio.

En relación coa piscina para rematar cando se dean as circunstancias farán un concurso para que a xestione unha empresa, coas condicións axeitadas e farán que funcione ben, como en todos os sitios.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que traerán aquí o queiran traer, gustaríalle que se puxeran as placas solares, gustaríalle que se municipalizara este servizo, o servizo de auga, o da recollida de lixo, non lle parece de recibo, si que ten que comentar e dicir a cancha de tenis leva 10 anos igual, sería como mínimo facelo mirar.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á SOLICITUDE DE MELLORA DA CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, SUBSTITUCIÓN E VIXILANCIA DO MOBILIARIO URBANO E PARQUES E XARDÍNS NA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

“Que se leve a cabo un plan de revisión e mantemento do mobiliario urbano. Facendo fincapé no seguinte:

- 1. A reparación dos estragos indicados na anterior exposición.*
- 2. A revisión da situación dos elementos do novo parque do Hospital, e se é o caso, a solicitude á empresa do arranxo.*
- 3. A vixilancia dos paseos, especialmente dos que están máis apartados, contemplando a posibilidade de poñer cámaras tal como se fixo para o control do tráfico o que evitarían actos de vandalismo reducindo os gastos en reparacións.*
- 4. A limpeza ou reubicación dos bancos da Pinguela e Carude para que poidan ser utilizados.*
- 5. A revisión das zonas periféricas da cidade nas que tamén hai poboación (aínda que sexa menos) e que tamén deberían poder desfrutar de mobiliario municipal. “.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jose Luis Rodríguez dando lectura á moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que os bancos da marxe esquerda do Multiusos, a rúa Tecelanes entre a esquina chea de cables, os camiños da area recreativa da zona de San Vicente, a area recreativa de Piñeira, unha farola subindo cara a San Vicente tumbada, o burato da entrada Pinguela, fala do número de traballadores do concello, fala de que hai todo iso, pagado por eles, traballan para eles, é a segunda empresa máis importante que hai en Monforte, non se pode dicir que é certo que cando chegaron ao poste da rúa tecelanes estaba aí, nin sequera o levan no seu programa. E certo que non son vostedes quen vandalizan esas cousas. Falan de poñer unhas cámaras, e non falan de poñer cámaras noutros sitios que son vandalizables, é certo e relativamente sinxelo tendo todos estes operarios, ou que a xente sen pasar polo propio concello a ter que rexistrar, sacar unha foto e se entregan dende Esperta Monforte cren que poderían ter un teléfono de queixas para os cidadáns.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eliminaría os puntos quedaríase coa iniciativa do plan de renovación urbán. Di que eles van votar a favor diso. O que si que hai que a veciñanza fai queixas delas, hai un programa dunha emisora local onde nomean moitas destas cousas, outras veces veñen reclamarlle ao concelleiro de turno que lle corresponda, en todo caso o que hai é que solucionar a problemática ou mellorar o entorno da mellor maneira posible. Vostedes falan da reparación de moitas cousas, o que non entende esa obsesión de grabar todo, iso non elimina o vandalismo. O asunto é educar civilizar á xunta, abondar niso, eles votan a favor da iniciativa. O das cámaras inflúe na privacidade da xente.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que ben pouco hai que facer. Di que o teñen que estar facendo moi ben, porque para que se lembren dos excrementos dos páxaros. Di que o equipo de goberno recibe alabanzas de cargos que acuden a Monforte, fala da rede de xudería, falan da limpeza e dos parques. Fala dunha moción mezquindad, falta de nobleza de espírito, o sabe que o vandalismo está en todas as cidades España, e moi difícil repoñer o mobiliario. Unha barandilla, un banco e unhas papeleiras non se poden repoñer dun día para outro. Fala que no pasado verán fíxose unha renovación completa no parque dos Condes, moitas veces polas inclemencias do tempo no se poden facer de maneira inmediata. Nos presupostos no 2024 vai dotar da pérgola de correos dunha maneira estética, pero non pregunten o que vai facer, ao seu debido tempo.

Intervén D. Jose Luis Rodríguez di que eles veñen transmitir as queixas e o que ven. Eles queren ter o mellor pobo de Galicia, pero eles van traer o que lles comunican os veciños, o que se atopa en mal estado, non estando dicindo que non fan cousas ben feitas, fala dos bancos debaixo das árbores na zona de Carude, se queren solucionar estas queixas, dalle igual que digan que eles non fan nada, que digan que a Xunta non fai nada, dalle igual que nas súas exposicións teñan un tono alto e intenten intimidalos, se a vostedes esta moción lles parece unha tontería, saben que os bancos están deteriorados.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non sabe quén lle escribe esas respostas, gustarílle que lle aclaran o tema dun móbil para o tema das queixas. Xa ven que efectivamente teñen bastantes queixas, si todos os luns están chamando, aínda que vostedes queiran ocultalo, é certo que moita xente que ven sae encantada. Segue falando do poste da rúa Tecelanes, hai cousas que saltan á vista, se o queren ver ben.

Intervén D. Ibán Torres di que el non se escuda detrás de ninguén.

Intervén D. José Luis Rodríguez se vostedes queren amañar os desperfectos, vostedes mesmos teñen a maioría.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai cousas que hai que facer o pedido, pero hai outras que se poden facer inmediatamente.

Igual que ao anterior goberno lle deron a escoba de prata, e a eles lle deron a de prata e a de pratino, Monforte é unha das cidades máis limpas. O que hai que facer é ver o que hai que logo valorar o que temos. Di vostede que quere o mellor para Monforte, non o dúbida, pero vostede tamén dixo neste pleno, que non ían dar medios a eles para quedar eles ben. O que di D. Germán é para nota, di que veu a televisión de Galicia por iso o puxeron o poste na Vide, o poste na Vide o puxo o Concello. A televisión de Galiza non ven nunca. Xa sabe que hai certas cousas coas que non se xoga, tiñan un rogo sobre un tema de Pantón, de Segade a Auga Caída, e claro primeiro veu a señora Meixide, e foron alí sacaron fotos utilizando medios do Concello, e agora viñan coa iniciativa á Deputación, o que lle ía dicir, que lle dixera ao alcalde de Pantón que xa que primeiro foi os medios e despois á Deputación, que llo arranxen os medios, este tipo de cousas o ten clarísimo, e resulta que tamén en certa ocasión, veu pedirlle unhas estradas, foron dos mellores tratados da provincia Pantón e Sober, o compromiso era solicitar a cesión ao concello, aínda non o solicitaron hoxe despois de dous anos ou tres, hai que ir cumprindo o que prometes antes de que che fagan as cousas.

Ao Parlamento Europeo lle preocupa que a Televisión de Galicia sexa partidista, con fondos públicos.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Popular, do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á ATENCIÓN SANITARIA NO SUR DE LUGO.

O ditame é favorable á proposta con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

- “1. Diseñar medidas urgentes para a cobertura dos postos de persoal facultativo tanto na atención primaria como na hospitalaria na zona de influencia do Hospital Comarcal de Monforte, que garanta a asistencia sanitaria básica á poboación dentro dos límites ordinarios marcados.*
- 2. Analizar as consecuencias que tivo para a poboación o feito de levar anos sen a atención sanitaria necesaria.*
- 3. Cuantificar as consecuencias de gasto para o sistema sanitario por non telo dotado no seu momento dos especialistas médicos ás comarcas do sul de Lugo”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias sinala que antes de nada é non chamou á televisión de Galicia, el saíu porque estaba alí. Continúa dando lectura á moción presentada. Saben como están na pandemia da gripe, Gripe A e demais, estase protestando e el para vir preparado, foi ao ambulatorio, para saber cantos médicos estaban traballando, na primeira pranta non había ninguén, o pediatra tivo que dobrar o turno, e cuestión dunha mala planificación.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van apoiar eta moción, é problema máis grave que hai hoxe en Monforte, a atención primaria é fundamental. Fala de que a atención hospitalaria está menguando, psiquiatría, pediatría, etc.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que no mes dde novembro do 2022, esta agrupación presentou unha moción que soliita, instar ao goberno de España ao acorfdo que se tomou no ano 2018 de maneira que se pretendía que era modificar a norma para a previsión de prazas no sistema de saúde, apoiar a decisión da xunta de Galicia a aprobación dunha lei que autorizar de especialidades médicas a través dun concurso de méritos. Qué fixeron tanto vostedes votar en contra, no Parlamento de Galicia, votaron en contra, sempre van en contra porque non lles interesa. No seu acordo que asinaron o BNG co PSOE non se mencioan nada do tema de déficits de me´dicos, pero isto no né problema da Xunta de Galicia, aquí ten competencias de xeito organizativo o goberno central, isto é como o do tren, asinan un pacto co goberno socialista, e logo piden os trens nocturnos. Vostede dixo que hoxe había que soamente había dous médicos, en Monforte hai un problema gordísimo no centro de saúde, de 12 prazas, de 10 había oito de baixa e 2 de días, as outras 2 unha cubrirase en xaneiro. É curioso que estean constantemente 8 persfoas de baixa, pero tamén senón hai médicos nas listas de condratacións apra feacer substitución, habería que pedir que amplíen prazas. Esa lei que vostedes non quiexeron apoiar para cubrir prazas de difícil cobertura, están convocadas as prazas, en dermatoloxía non se incorporou a persoa que quitou a praza. En 19 de decembro do 2023, hai dúas noticias coa medicina de familia e coa pediatría, a xunta retoma de prazas Mir no primeiro Foro de Sanidade, o Conselleiro envía unha carta á nova ministra para retomar os temas. Di que non van votar en contra, a pesar das que as medidas que piden xa se están facendo. Di que se está esperando que se modifiquen esas normas e non se fai nada, non llo piden ao goberno central que sería da súa competencia. Sempre se están opoñendose, sempre están igual.

Intervén D^a Gloria M^a Prada dille a D. Emilio que o goberno vai apoiar a moción. Dille a D^a Katherinie o problema non é do goberno de España, o problema é do partido popular, fala de falta de persoas, teñen que formar, teñen que facer mellores condicións laborais, son vostredes os que non fixeron as cousas ben, a competencia de sanidade é unciamente da Xunta de Galicia nin do goberno de España. Fala da austeridade do goberno de Feijoo, fala da tasa de reposición que non podía ser na sanidade, desa tasa de reposición veñen agora todos os problemas. fAla de estiveron contratando moito menos do que era necesario, fala de que Monforte deixara de ser area sanitaria e pasase a ser distrito, fundiron o yhospiotal comarcal de Monforte de Lemos e a parte dixo quítanlle as competencias a atención primaria, fala das EOXI, coa sanidade integrada, iso provoca un despretixio da atención hospitalaria e da atención primaria, porque todo o centran nas grandes cidades, e ademáis ofrecen unhas condicións precarias laborais, o que hoxe denominan vostede prazas de difícil cobertura. Vostede lembra don Emilio que se ían cubrir as prazas na reunión que se tivo en Monforte, hai unha lista de espera que custan vidas humanas, a parte da perda de capacidade laboral, de formación. Existe un problema moi grande inestabilidade laboral no sistema. Traen unha proposta para que podan primar algunhas prazas, sen presuposto algún , non din como a van dotar, nin quén vai ocupar esa paraza, o que presentan foi unha proposición non de lei. Non aceptaron ningunha das alegacións que se lle propuxeron, el acre que algunha merecerá a pena, cre que algunha foi proposta por profesionais do sistema. O que teñen que facer é intengar algo acorde co que se necesita en Galicia, é a primeira comunidade autónoma que ten este problema seguidos de Madrid.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que antes se falou da televisión, fala do Barrio Sésamo, lexos cerca, arriba a baixo, vaia vostede ao centro de saúde, fala vostede de difícil cobertura, estase aquí en Somalia para ser de difícil cobertura, esta faltando ao respecto a este Concello páguenlle vostedes. Vostedes teñen maioría absoluta aprobaron esa lei, un ano despois están sen cubrir esas prazas de difícil cobertura. A Sanidade Pública depende da Xunta de Galicia, levan 12 anos poñéndoo riba da mesa, seguen igual, saben que non hai médicos, teñen que facer un calendario de vacacións, miren por qué están de baixa, ao mellor están consultando na privada, non está afirmando nada. Non veñen vostedes co oportunismo, eles fan a iniciativa, eles queren o mellor para Monforte, espera que o 18 de febreiro cambie o goberno da xunta, xa verán como vostedes ao día seguinte, virán como mesma iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles que non se presentaran o 18 de febreiro, non poden estar de acordo de que non vexan os problemas da atención primeira e da atención hospitalaria, eles foron a unha xuntanza e os problemas seguen igual. Entón hai que pensar que isto hai que cámbialo. Se iste é o segundo motor económico, o hospital e o motor económico do Concello, teñen que intentar que isto se arranxe, o importante é arranxar este problema grave que hai, póñanse de acordo, pero é certo que tanto dende o goberno central como da xunta de Galicia, neste caso hai que pedirlle á Xunta de Galicia.

Intervén D^a Katheirnie Varela dicindo que se o motor económico é o hospital comarcal hai un problema. Dille a D. Emilio que a competencia de xestión é da Xunta de Galicia, hai cousa s que ten que legislar o goberno central. Tanto que lles molesta postos de difícil cobertura, o ministerio de sanidade é o primeiro que fala dos postos de difícil cobertura, o que non se pode é tapar os ollos, iso está claro. O que ela ve un problema do centro de saúde, fala dos profesionais que son conscientes do problema que hai, ten vostede razón traballar de que se hai un problema interno. Cando hai unha urxencia, cando hai unha enfermidade grave, a sanidade pública funciona perfectamente, unha cousa é que se denuncie o centro de saúde que non se pode negar, e outra cousas é que se diga que custas vidas, hai que recoñecer os avances da sanidade pública.

Intervén D^a Gloria M^a Prada lembrálle que a competencia de sanidade é da Xunta de Galicia, os postos de difícil cobertura os crearon vostedes, cando quitaron a área sanitaria, o Sr. Feijoo mentiu dicindo que Monforte sería a área sanitaria. Non quere ser unha cidadá que teña que acudir á beneficiencia, o que están facendo vostedes é acudir á privada. Fala da cantidade de xente entre 30 ou 40 anos, que está contratando un seguro privado sobre todo para a pediatría. Fala dun grupo de xente que loitaron por elo e dixeron non área sanitaria, ofrezcan vostedes uns contratos dignos, non veña agora que a culpa é do goberno, espera que o día 18 isto cambie e a situación sexa distinta. Fala de que o outro día na concentración da sanidade o dixeron profesionais, a lista de espera é o que provoca.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que cantos coñecen dos que están aquí é que marchan a Ourense ao Hospital ou esperan á tarde porque nos seus centros non hai pediatras, el non fala dos profesionais, non veñan agora aquí e que foi un éxito, en vez de ter unha UCI, fixeron un museo. O asunto é que no centro de saúde, hai unhas locas tremendas, non hai médicos, o acordo do que falaba antes vostedes co PSOE. Vostedes na concentración do pasado sábado xa se encargaron de quitar unha nota de prensa, para boicotear a concentración, dicindo que xa fixeron unha pregunta no Parlamento, non veña a poñer cousas riba da mesa que non son certas. Hai que intentar que se solucionen canto antes.

Intervén o señor Alcalde di que o Sr. Feijoo non mentiu cambiou de opinión, soamente minte o señor Sánchez. A el o que lle fai gracia e que agora pregunten, Ana Pastor foi a que parou o AVE, foi a ministra que non electricificou, estando ela de ministra non se conseguiron ningún dos obxectivos, non se poden facer ese tipo de política, o tren chegará agora, pero non antes. Teñen máis de 150 prazas MIR sen convocar, o SERGAS ten unha relación de persoal, antes de que se xubilen habería que determinar tales prazas haberá que cubrir, hai un problema de xestión e iso é así.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos en a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á LOCALIZACIÓN DO CENTRO DE DÍA.

O ditame é favorable á proposta con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

“Instar ao goberno municipal a que busque un novo espazo para o Centro de día, que cumpra cos requisitos desexables aquí expostos. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que acutal ubicación non é máis axeitada, di que moitas familias solicitaron o cambio de ubicación, xa vostedes cando chegaron. Di que é certo nada transcendeu nestes anos si que é certo se debería buscar un novo espazo.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez sinala de que ales non lles chegou ningunha carta de ningún usuario. Lembra que xestionar un centro de día nun pequeno concello é un desafío, por iso o seu partido no seu programa electoral levaba a reubicación do centro de días, pero quere lembrar que foi o seu partido dita ubicación. No ano 2023, o señor Nazario Pin fixo a proposta dunha reisdencia da terceira idade xunto co centro de día, nas antigas instalaxcións da Chacinera, tratábanse nunha inversión de 7 millónse de ueros, o seu partido como esta proposta non era do seu gusto, quixo cambiar a ubicación ao Morín, decidiron cambiar de opinión, foron vostedes os que decidiron colocalo na Praza de Abastos, non consideraron as barreiras arquitectónicas, deixar aos maiores de lado e poñerlles un acceso difícil para as persoas que utilicen andador ou cadeira de rodas, sen ningunha zona axardinada. Non se poden aparcar vehículos, xusto enfrente do Centro de Día, hai un garaxe, co que impide que o usuario poida saír do garaxe, o que tterían que haber valorado, fala de proxectos de longa duración.

Intervén D. Ibán Torres fíjense como son as cousas pero a eles lle din o contrario, tampouco sabe profundizar os motivos. Con respecto ás cartas non chegou ningunha carta. E logo con respecto a este tema, a ubicación a propuxo o goberno do BNG, segundo teñen entendido non se valoraron as carencias que vostede evidencia e que son evidentes, en todo caso, isto está xestionando polo Consorcio Galego e o concello puxo a súa disposición esa zona para a ubicación, este Concello remite os gastos de limpeza, mantemento, e contribúe coa metade do custo por usuario, non saben porque motivo destinouse esa pranta, o que si teñen que poñer de manifesto que este concello non dispoñen de locais. En calquera caso, o Consorcio Galego algo terá que dicir porque é competencia súa.

Intervén D. Manuel Luaces di que a eles as familias lle dixeron que mandaron unha carta antes das eleccións, di que cren que a ubicación non foi axeitada, eles puxéronse en contacto con quén , fala de que se recibiu unha subvención para dotar de mobiliario a un centro de día que non existía, algo irregular, na zona do multiusos había unha barra de bar, houbo qu efacer unha corrección desa subvención para non perdela e decidiron cambiar ese emprazamento, alí había un espazo para asociacións, foi as presas para non perder a subvención. Ao estar non centro do pobo é beneficioso, piden que se intente conseguir e buscar un espazo máis axeitado, é o que solicitan as familias por iso o traen aquí.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que si que é certo non é o mellor emprazamento, ten moitas carencias.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que lle falta un pouco de información, naquel momento se presentou o proxecto o proxecto á Xunta de Galicia unha das razóns que o seu partido viu é que estaba moi lonxe, pero si había terreos para que os maiores puidesen desenvolver actividades, hai que presentar macroproxectos, antes de presnetar un proxecto é prferible sentarse e pensalo, se hai que esperar un ano e esperar.

Intervén D. Ibán Torres di que lles honra ao partido do bloque nacionalista dicir que non foi a ubicación máis axeitada. Avanza o seu voto en contra.

Intervén D. Manuel Luaces di que a información que ten é a que lle deu a concelleira no seu momento, era unha subvención para dotar de mobiliario a ese centro de día, pero eles cren que non era o emprazamento correcto.

Intervén o Sr. Alcalde di que isto foi unha algo por expreso deseo da persoa que levaba a concelleira naquel momento. Inaugurouse dun xeito moi rápido. Logo reformouse a praza de abastos no 2011, concedeuse unha axuda de entono a 1 millóns de euros. Naquel momento o Grupo Socialista na oposición propuxeron que aproveitando esa forma pasar a praza para a pranta primeira, e na pranta baixa se fixeran un estacionamento público, para que foran a comprar a prazas e non as grandes superficies, e se lle ignorou por completo. Di que eles hoxe non teñen outro local, acordaron que a xestión fora da Xunta, o concello cedeu as instalacións e paga unha parte do mantemento. Pedir agora que o Concello faga un sitio novo para regalarllo ao Consorcio Galego, non pode ser gastar o presuposto para arranxarlle cousas a outras administracións.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

8º.- CORRECCIÓN DE ERROS A PROPOSTA DE APROBACION DO ORZAMENTO XERAL DA CORPORACION PARA O ANO 2024

Transcríbese a proposta da Alcaldía que sinala:

“Con data 27 de novembro de 2023 aprobouse inicialmente en sesión ordinaria do Pleno da Corporación, o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2024 sendo obxecto de publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo nº 275 do 30/11/2023

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por elo, comprobado de oficio e existencia de erros aritméticos que afectan ao contido do apartado c) das bases de execución do orzamento ao non axustarse a redacción do precepto citado á intención da proposta municipal PROPONSE ao pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- *Proceder á corrección do erro detectado na Base de execución 26.c) da proposta de aprobación do orzamento do orzamento xeral da Corporación nos seguintes termos:*

Onde di:

“(…)consígnase a dotación económica para ós grupos políticos municipais, polo importe resultante de aplicar por cada Concelleiro 100,00 €/mes e por cada voceiro 500,00 €/mes, con cargo a aplicación 912.480.00 do Orzamento da Propia Corporación. (...)”

Debe dicir:

“(…)consígnase a dotación económica para ós grupos políticos municipais, polo importe resultante de aplicar para cada Concelleiro de cada grupo 150,00 €/mes e por cada grupo político municipal 500,00 €/mes, con cargo a aplicación 912.480.00 do Orzamento da Propia Corporación. (...)”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles faláron de que ese programa 912.480.00 a queé corresponde porque aí foi donde eles prantexaron unha serie de diferencias.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se hai que modificalo votaron a favor d emodificalo. Hai que fálase de consígnase a dotación económica para ós grupos políticos municipais, polo importe resultante de aplicar por cada Concelleiro 100,00 €/mes e por cada voceiro 500,00 €/mes, con cargo a aplicación 912.480.00 do Orzamento da Propia Corporación”, se van ao pleno de organización non se entende

Intervén o señor alcalde dicindoque na partida da que vostede fala e xustamente iso, lembre vostede don emilio que no mandato anterior para que ao haber o grupo mixto e había dous no grupo se pasaron a cobrar 250 euros, e agora queda o grupo queda 500 euros e aos concelleiros pasan de 100 euros a 150 euros.

Intervén D. Jaime Germán el o que quería era que lle aclaran poñía programa e pon transferencias correctas, di que eles comenzaron a falar con vostedes e o mesmo que lle contestaron para varios, tamén lle contestaron xa ían subsanar algunhas cousas, o que querían que isto despois volcase nos programas e agora xa o cadraron.

Di que el insiste non fala por oídas el ten a proposta do pleno de organización onde si se subían 150 euros por asistencia, se hai que modificar iste habería que modificar aquel.

Intervén o Sr. Alcalde en relación coas partidas que vostede di D. Germán, son cuotas da FEGAMP, do Eixo Atlántico, en todo caso xa está. En segundo lugar, non sabe o que ten vostede e como se recolleu se se recolleu equivocadamente e queda 500 euros por Grupo e 150 euros por concelleiro.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do Grupo Municipal Popular, un voto en contra do concelleiro de Eszxperta Monforte e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

8º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (29.11.2023).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogo do Partido Popular sobre a rúa Zapardiel nas proximidades do pavillón do IES Río Cabe porque o consideran estreito para os peóns.

Pregunta do PP en qué situación está o ingreso/préstamo do pavillón da Pinguela.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se pediu un crédito pola súa totalidade en función do que aprobaran no Consello Superior de Deportes, 3.826.678,65 euros, soamente utilizouse 1.723.589,36 euros, algo máis de 2.103.029,29 euros se devolveron e xa está o crédito amortizado.

Pregunta do BNG cómo pensa cubrir a praza do conserxe do pavillón.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que a quitaran a concurso.

Pregunta do BNG cómo se levará a cabo o contenedor marrón.

Resposta o Sr. Alcalde que no rural xa se está levando a cabo, e vaise extender no centro e tamén nos grandes produtores de lixo.

Rogo do BNG arranxo dos camiños de Lodairo e camiño da Agra.

Resposta o Sr. Alcalde que o teñen na axenda o camiño de Lodairo e o camiño da Agra tamén vaise facer.

Rogo do BNG sobre cheiro a gas na rúa Rof Codina.

Resposta o Sr. Alcalde di que non se detecta de onde ben.

Pregunta de Esperta Monforte sobre que ten pensado facer como alcalde de Monforte de Lemos ante a crítica situación que padecemos os monfortinos cada vez que o noso parque de bombeiros de Monforte permanece pechado

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que terá que preguntarlle ao Presidente do Consorcio de bombeiros e xa lle derá cumprida resposta.

Pregunta de Esperta Monforte sobre o mobiliario do centro, ten pensado este equipo de goberno realizar algún tipo de inversión na remodelación, reparación ou substitución do mobiliario da cafetería do Centro Cívico do Malecón?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que ese contrato hai que quíralo a concurso xa se miraran as bases se é cousa do concello ou o que colla a concesión.

Rogo de Esperta Monforte para que teña a ben poñerse en contacto con telefónica Fenosa ou quen corresponda para retirar os cables e os pasos da luz que están no medio da estrada da rúa Tecelanes.

Resposta o Sr. Alcalde que polo que ten entendido o poste de Tecelanes é de Fenosa. Hai tempo pediu un informe a un técnico da casa, e aínda non o ten. E despois no medio da rúa non está ben ten toda a razón.

Rogo de Esperta Monforte sobre curso de monitores de tempo libre.

Resposta o Sr. Alcalde que o concello de Monforte nunca fixo estes cursos, os facía a Cruz Vermella e a Xunta de Galicia.

Pregunta do BNG sobre queixas da parroquias de Sindrán sobre camiños, saber que teñen pensado facer.

Rogo do BNG, teñen alerta de que había algún tipo de estragos na obra, incluso chegou que había auga, agardan de que estean pendentes das deficiencias que tivera o pavillón, que ían facer coas oficinas se estaban rematadas, que se lle entreguen aos distintos clubs que alí están.

Pregunta do Partido Popular sobre a instalación da rúa Morín, sobre os sumidoiros non funcionan correctamente, se teñen coñecemento deste problema e teñen previstgo algunha solución.

Pregunta do partido Popular sobre a ignorancia nun opositor nun proceso selectivo, versión do equipo de goberno .

Rogo do Partido Popular sobre a pasarela do Malecón está chea de xeo ata media mañana, gustaríalle que se dea o mesmo tratamento das outras pontes.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que é necesario facer a ponte para que non haxa ningún resbalón.

Rogo do Partido Popular dos veciños de Caneda, queixas sobre os vehículos que hai fochancas moi grandes, solicitan o arranxo do firme, As Fontes e Campelo.

Remata a sesión as dez horas e cincuenta e seis minutos do mesmo día, do que eu Secretario, certifico.